

RESUMO DO DECRETO DO ESTADO DE ALARMA EN ESPAÑA (14/03/2020)

As seguintes medidas aplícanse a todo o territorio nacional durante 15 días a contar dende o 14 de marzo de 2020.

O Presidente do Goberno do Estado asume tódalas competencias nas medidas recollidas no decreto, delegando as áreas de Defensa, Interior, Transportes e Sanidade nos seus respectivos ministros.

Salvo no que dita este decreto, cada Administración segue a manter as súas competencias.

1.- Tódalas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado (incluídas as locais) están baixo as ordes do Ministro do Interior, podendo facer as comprobacións necesarias en persoas, bens, vehículos, locais ou establecementos para asegurar o cumprimento desde decreto.

2.- As persoas só poderán saír ás rúas para mercar alimentos, medicamentos ou bens de primeira necesidade, recibir asistencia sanitaria, ir a traballar, retornar á casa, coidar a persoas dependentes, ir ao banco ou aseguradoras, outra causa de forza maior. Os desprazamentos en vehículo serán polas mesmas causas e para encher combustible.

3.- Poderanse requisar bens ou obrigar ás persoas á realización de labores para garantir os obxectivos deste decreto.

4.- Suspéndese a ensinanza presencial e actividades formativas a tódolos niveis, manténdose a formación "en liña" sempre que sexa posible.

5.- Suspensa a actividade comercial polo miúdo e de ocio agás:

- Establecementos de alimentación, bebidas, produtos de primeira necesidade, farmacias, médicos, ópticas, ortopedias, produtos hixiénicos, perruquerías, prensa e papelería, gasolineras, estancos, equipos tecnolóxicos e telecomunicacións, alimentos para animais, comercio por internet, telefónico ou correspondencia, tinturarias e lavanderías.

- ⇒ As persoas deberán permanecer nestes establecementos o tempo imprescindible para a adquisición.

- ⇒ Hostalaría e restauración só poderá prestar servizos a domicilio

- Pechan ao público museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, locais de ocio e deporte.

- Suspensas verbenas, desfiles e festas

6.- Actividades de culto, fúnebres e cerimoniais civís e relixiosas evitarán aglomeracións e deberán garantir a posibilidade de restar un metro entre cada persoa.

7.- Todos os traballadores do eido sanitario restan baixo as ordes do Ministro de Sanidade, inda que as administracións autonómicas e locais manterán a xestión. O Ministerio determinará a distribución de medios técnicos e do persoal segundo as necesidades da crise

8.- Os servizos de transporte público e privado redúcense á metade agás os trens de proximidade e os transportes autonómicos e locais. Realizaranse limpeza ao menos diarias.

9.- Os medios de comunicación están obrigados a trasladar as mensaxes que as autoridades competentes, administracións autonómicas ou locais consideren necesario

10.- Restan suspensos os prazos procesuais (agás detencións, ordes de protección, protección da muller ou menores, vixilancia penal, dereitos fundamentais, conflito colectivo, internamento voluntario), administrativos e prescritivos.

Poderanse dar as ordes necesarias para garantir o abastecemento, así coma intervir ou ocupar industrias, fábricas, talleres, explotacións, talleres ou establecementos sanitarios para asegurar o servizo.

Poderanse adoptar as medidas necesarias para garantir o tránsito aduaneiro, o subministro eléctrico e de produtos derivados do petróleo ou do gas, e o mantemento de servizos esenciais.

⇒ Estas medidas poderanse modificar segundo a evolución da situación.

⇒ A FEGAMP recomenda a lectura do Real Decreto ao completo.